

1º ESO

EXERCICIOS RESOLTOS 2º ESO- 3ª SEMANA DO 30 DE MARZO AO 3 DE ABRIL

1ª SESIÓN

Esperamos fixerades con moita atención a tarefa da primeira sesión semanal e que os vosos exercicios estean revisados e corrixidos.

2ª SESIÓN

Tema 8: Lectura: A sensación de Camelot.(páx. 137)

Exercicios resoltos

1. Procura o significado que teñen no texto as seguintes palabras.

Estrado: plataforma plana máis elevada que o resto do chan que se utiliza para destacar o que sobre ela suceda.

Grea: conxunto de animais de catro patas que viven ou camiñan xuntos, especialmente cabalos ou burros.

Esfollar: acción de retirar as follas que cobren determinados froitos, como, por exemplo, o millo.

Eremita: persoa que vive retirada e que leva unha vida solitaria; ermitán/á. Envurullo: envoltorio descoidado.

Borceguíns: calzado que chega até un pouco máis arriba do tornecelo, xeralmente aberto por diante e con amallós.

Furtivo: que se realiza ás agachadas.

2. Nestes globos encontramos un conxunto de sílabas desorganizadas. Reúneas para construír dous sinónimos do vocábulo situado enriba.

Presa: manchea, manda.

Agasallar: obsequiar, regalar.

Panoco: babeco, parvo.

Arremedar: imitar, copiar.

Ansias: devezo, arela.

3. Ordena, segundo a cronoloxía interna do fragmento lido, esta información.

- 1º. Merlín nega ser o ladrón das mazás.
- 2º. Paulus sorpréndese das acusacións que Merlín verte sobre o rei Artur.
- 3º. Paulus culpa o grupo actoral da pésima situación do teatro.
- 4º. Lancelot aparece en escena.
- 5º. Paulus e Artur falan de Xenebra.
- 6º. Merlín percibe que hai espectadores no teatro.

4. Sinala se son verdadeiros ou falsos estes enunciados:

- Merlín non consegue roubar ningunha mazá. FALSO
- As mazás son *deatrezzo* porque forman parte da representación: VERDADEIRO
- Lancelot xa está preparado para a función: FALSO
- Artur afirma que falta unha mazá. VERDADEIRO
- Merlín é acusado do roubo da froita: VERDADEIRO

5. Que papel desempeña Paulus na obra? Describe como é a relación que mantén cos outros personaxes?

Paulus é o director da compañía teatral. Encárgase de presentar as representacións e realiza labores de produción, xa que proporciona aos actores de todo o necesario para realizar a actuación.

6. Cales destes adxectivos son aplicábeis aos personaxes deste fragmento? Selecciona dous para cada un deles

Paulus: exixente, crítico.

Merlín: famento, mentirán.

Lancelot: exaxerado, emocionado.

7. No texto Merlín anda esfameado e tenta roubar mazás continuamente. Explica o significado destas cinco expresións que fan referencia ao apetito.

Ladrar o estómago: producir ruído o estómago como manifestación de que se ten fame.

Ser de bo dente: desfrutar con bo apetito de calquera clase de alimento.

Ser de fociño romo: comer de todo.

Ter fame negra: estar extremadamente famento/a

3ª SESIÓN

Folleto publicitario (páx. 139)

Exercicios resoltos

1. Inventa un slogan para:

Resposta aberta, pero pódovos algúns exemplos.

- Un museo de xogete tradicional: *Xogar como sempre*
- Unha librería especializada en banda deseñada: *Espazo BD*
- Unha tenda de deportes náuticos: *Navegas?*
- Día do Libro na túa cidade: *O libro, preto de ti*

2. Elaborade un folleto ou un cartaz publicitario sobre:

- Un elixir da eterna xuventude
- Unha máquina do tempo
- Unha ferramenta con múltiples usos
- Un xardín de infancia

Resposta aberta. En actividades como esta, interesa potenciar a vosa creatividade. Intentade ser orixinais no contido e a na presentación formal. (aparencia, formato etc.).

4ª SESIÓN

A alimentación(I) (páx.140-141)

Exercicios resoltos 1,2,3,4 e 5.

1. Agrupa os alimentos da tabela nas seguintes categorías.

a)Doces: arroz con leite, xeado, marmelada, filloa, orella.

b)Carne, friames, peixe e ovos: boi, abadexo, atún, carneiro, chourizo, troita, cordeiro, dourada, galiña, lacón, mortadela, pavo, meiga, ollomol, rodaballo, xurelo, leitón, lombo, xabaril, coello, bacallau, vaca, peixe sapo, pescada, touciño, ovo, salchichón, polo, sardiña, raia, vitela, congro, robaliza, xamón, faneca, salmón.

c)Lácteos: queixo, requeixo, manteiga, batido, iogur, leite.

d)Froita e verdura: cebola, alcachofa, cabaciña, nabiza, pemento, repolo, ravo, figo, grelo, espárrago, lima, amora, cereixa, coliflor, framboesa, kiwi, espinaca, laranxa, mandarina, melón, amorodo, caqui, limón, manga, leituga, marmelo, mazá, pexego, pera, sandía, tomate, uva, cabaza, cenoria.

e)Cereais, patacas e legumes: chícharo, xudía, avea, millo, trigo, centeo, faba, garavanzo, lentella.

2. Relaciona cada vocábulo co seu sinónimo.

Tona - nata

leitón - bacoriño

meiga - rapante

vitela – xato

cervo – veado

galiña – pita

parrocha – xouba

caramuxo – mincha

amorodo – morote

3. Substitúe as palabras en negras polo antónimo correspondente.

Palabra	Antónimo
----------------	-----------------

Sosa	salgada
------	---------

verde	madura
-------	--------

reseso	fresco
--------	--------

cocido	cru
--------	-----

4. Cales destes alimentos poden constituír unha sobremesa?

Bica, cana, chulas, doce de marmelo, filloa, follado, larpeira, melindre, pan de ovo, rosca, torta.

5. Que alimentos se esconden tras estas adiviñas?

Por abril,

cóllea polo rabo e déixaa ir;

por maio, ása no borrallo,

Sardiña

e por San Xoán,

xa molla o pan

Teño dentes

e non teño moas,

teño cabeza

e non pés.

Mesmo dures mil anos,

non sabes que cousa é.

Allo

Alta me vin

baixa me vexo

e aló arriba

ficoume o pelexo.

Castaña

Que cousa é

que ten ollos

e non ve?

Pataca